




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SERVICIO DE XESTIÓN DA OFERTA E
PROGRAMACIÓN ACADÉMICA
Pavillón Estudiantil
Campus Universitario Sur



A Xunta de Goberno da Universidade aprobou o plano de estudos de Graduado Superior en Biotecnoloxía, titulación propia, na súa sesión do 23 de abril do 2002.

Este plano de estudos establece que... *“poderán acceder ós estudos conducentes á obtención do Título de Graduado Superior en Biotecnoloxía os alumnos que superaron algún dos primeiros ciclos das titulacións que lle dan acceso e cursen, de non telos cursados antes, os seguintes complementos de formación...”*


As titulacións que dan acceso á mesma, segundo indica o propio plano de estudos son: Licenciado en Bioloxía, Química, Farmacia, Veterinaria, Medicina, Ciencias do Mar, Ciencias Ambientais, Enxeñeiros Agrónomo, Enxeñeiro de Montes e Enxeñeiro Químico.

Algunha destas titulacións, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro de Montes, Química etc. configúranse como titulacións de primeiro e segundo ciclo, podendo as Universidades estruturar as ensinanzas conducentes ás mesmas organizando o segundo ciclo a partir de calquera primeiro ciclo que teña recoñecido acceso directo.

Polo tanto, en concordancia con esta situación dictase a seguinte instrución de interpretación

ÚNICO .- Poden acceder á titulación propia de Graduado Superior en Biotecnoloxía os que teñan superado os primeiros ciclos ou titulacións de primeiro ciclo, que dan acceso, de se-lo caso, ás titulacións de Licenciado en Bioloxía, Química, Farmacia, Veterinaria, Medicina, Ciencias do Mar, Ciencias Ambientais, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro de Montes e Enxeñeiro Químico.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2002.
O VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA
E PROFESORADO



Castor Méndez Paz

Sr. Secretario Xeral, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sr. Director da Titulación de Biotecnoloxía, Sres. Decanos e Directores de Centro, Sr. Xefe do Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica, Sres. Xefes das UXAS, Sr. Director do COIE, Sr. Director do SEIN, Sr. Responsable da Área Académica do SEIN.